



IESCHA

<http://estudoschairesgos.wix.com/iescha>
estudoschairesgos@gmail.com

Casa da Cultura - Praza de Suso Gayoso, 1 - 27800 VILALBA (LUGO)

NOTA INFORMATIVA DO IESCHA

CONFERENCIA LETRAS GALEGAS 2023

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO, UN LOITADOR POLA IDEA DE GALICIA IMPARTIDA POR **MALORES VILLANUEVA**

VENRES 26 DE MAIO DE 2023 – 20:00 HORAS

NA SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA

CONFERENCIA
Letras Galegas'2023

impartida por
MALORES VILLANUEVA
doutora en Filoloxía Galega

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO,
un loitador pola idea de Galicia

presenta
Marisa Barreiro

VENRES
26 DE MAIO
20:00

NO SALA DE EXPOSICIÓNS DO
AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA

IESCHA
EDITORIAL GALAXIA


O Instituto de Estudos Chairegos (IESCHA), dentro dos actos programados co gallo das Letras Galegas'2023, organiza a conferencia que leva por título **"FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO. UN LOITADOR POLA IDEA DE GALICIA"**, que será impartida por **MALORES VILLANUEVA**, doutora en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), profesora, tradutora, editora e crítica literaria. É autora do libro co mesmo nome, editado por Galaxia.

O acto terá lugar o venres **26 de maio de 2023, ás 20:00 horas, na Sala de Exposicións do Auditorio Municipal de Vilalba**, e será presentado por **Marisa Barreiro**, presidenta do **Iescha**.

Malores Villanueva achéganos a vida e a obra de Francisco Fernández del Riego, homenaxeado co Día das Letras Galegas de 2023, sesenta anos despois de que el mesmo propuxese á RAG o 17 de maio como data para esta festividade da cultura galega.

Francisco Fernández del Riego, nacionalista de corazón e de razón, mantivo unha traxectoria firme, sen traizoar nunca os seus ideais. Membro do Partido Galeguista e do Seminario de Estudos Galegos, activista universitario,

fundador de Editorial Galaxia, codirector da revista *Grial*, director da Fundación Penzol, presidente da Real Academia Galega, tradutor, editor e articulista incansable, son algunhas das innumerables facetas de quen se definía como "un optimista radical".



MALORES VILLANUEVA.- A Xesteira, Cotobade, 1982) é profesora, editora, crítica literaria e doutora en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela coa tese *A Editorial Galaxia: proxecto e traxectoria 1950-1963*. Como investigadora está especializada en sociolingüística e en historia da lingua, fundamentalmente no período da ditadura franquista. É autora dos libros *Lingua en Sociedade, a aldea da Xesteira* (2006) e *A lingua galega entre 1963 e 1975. Situación social e discursos dende o galeguismo*

(2010), gañadores do Premio Antón Fraguas de investigación e do Premio novos investigadores: Humanidades e ciencias sociais, respectivamente. Ten publicados artigos en volumes colectivos e en revistas especializadas como *Grial*, *A Trabe de Ouro*, *Estudos de lingüística Galega*, *Madrygal* ou o *Boletín da Real Academia Galega*. (editorialgalaxia.gal)

ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR AFORO